

**Resolución Reitoral de 30 de xuño de 2022 de concesión directa de bolsa Santander Erasmus a alumnado seleccionado no marco da convocatoria de prazas de intercambio Erasmus+ Estudos no curso 2022-2023**

En virtude do Programa “Bolsas Santander Erasmus”, convocatoria 2022-23 financiaranse 29 bolsas, 2 de 2.000 euros e 27 de 500 euros a estudantado que realice unha estadía Erasmus+ Estudos durante o curso 2022-2023.

O alumnado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través dunha convocatoria de concorrencia competitiva de prazas Erasmus+ Estudos para o curso 2022-2023, polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia.

O interese público e social da concesión directa dunha contía adicional está xustificada, toda vez que a convocatoria da Universidade de Vigo non adxudica axudas económicas ao estudantado seleccionado. Adxudícaranse as axudas Erasmus+ a posteriori, axudas que non cubren os gastos da estadía.

É polo que vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**Esta Reitoría resolve**

Conceder en réxime de concesión directa, en atención ao interese público e social do seu obxecto 2 bolsas de 2.000 € cada unha e 27 bolsas de 500 € a estudantes da Universidade de Vigo seleccionados/as no marco da convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos para o curso 2022-2023, e coas seguintes bases

**1. Obxecto.**

A finalidade da bolsa é contribuír a financiar o custo da estadía na universidade de destino do alumnado beneficiario dunha praza do programa de prazas de intercambio Erasmus+ Estudos 2022-2023.

**2. Requisitos**

- Alumnado matriculado/a no curso 2021-2022 en centros propios e alumnado de titulacións impartidas en centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter concedida unha praza de intercambio Erasmus+ Estudos publicada por Resolución Reitoral de 22 de abril de 2022.
- Non ter concedida unha bolsa unha bolsa Santander Erasmus nas convocatorias dos cursos anteriores.
- O estudantado seleccionado deberá estar inscrito na web <http://www.becas-santander.com>, na convocatoria “Becas Santander Erasmus” do curso 2022-2023.

### 3. Procedemento de concesión.

A axuda regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones* e no artigo 40 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, por concorrer razóns de interese público e social.

A selección realízase aplicando os seguintes criterios, ata o esgotamento do crédito orzamentario:

#### As bolsas de 2000 €:

Concederase unha axuda a un/ha estudante con maior nota media ponderada a 28 de febreiro de 2022. que xustifique unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Concederase unha axuda a un/ha estudante con maior nota media ponderada a 28 de febreiro de 2022.

No caso de non haber ningunha solicitude de estudantado con discapacidade, a axuda concederase ao estudantado por orde de nota media ponderada.

#### As bolsas de 500 €:

Concederanse ao estudantado por orde de nota media ponderada a 28 de febreiro de 2022.

Para a ponderación terase en conta a nota media dos egresados do curso 2020-21 de cada titulación. De non existir datos de egresados dunha titulación, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), tomarase como dato a nota media por ámbito de estudos xeral:

[https://www.universidades.gob.es/stfls/universidades/Ensenanzas/becas\\_ayudas\\_premios/alumnado/becas\\_ayudas\\_investigar/Documentos/nm\\_isced\\_general\\_y\\_universidad\\_fpu2021.pdf](https://www.universidades.gob.es/stfls/universidades/Ensenanzas/becas_ayudas_premios/alumnado/becas_ayudas_investigar/Documentos/nm_isced_general_y_universidad_fpu2021.pdf)

Realizada a selección pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI) publícase no **Anexo I as listas provisionais de bolsas concedidas e no Anexo II a lista provisoria de agarda para o caso de que se produzan renuncias.**

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, presentando o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á ORI.

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### 4. Incompatibilidades

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e en concreto coa bolsa Erasmus+, coa bolsa do MEFP e a bolsa de axudas complementarias da Xunta de Galicia para realizar estadias en países participantes no programa Erasmus+.

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa promovida por entidades bancarias distintas ao Banco Santander ou do propio Banco Santander.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Ley 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones*.

## **5. Dotación e pagamento.**

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 17.500 € na aplicación orzamentaria 2022ORI1121DORI482.10 para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito.

A contía máxima da bolsa será de 2.000 € ou 500 euros segundo o grupo establecido no punto 3.

O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria indicada polo estudantado do Banco Santander para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

Aboarase a totalidade da bolsa tralo envío do certificado de chegada (modelo de documento que será facilitado pola ORI).

## **6. Aceptación e renuncia**

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptalas na aplicación [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) do **3 ao 10 de xullo**. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á bolsa.

Toda renuncia a unha bolsa xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito. As renuncias darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

A renuncia ás bolsas de 2.000 euros dará lugar a concesión á persoa con bolsa de 500 euros con maior nota media ponderada que cumpra os requisitos. A renuncia ás bolsas de 500 euros dará lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

## **7. Obrigas do beneficiario.**

O/A adxudicatario/a das bolsa quedará obrigado/a a cumprir coas obrigas que establece a convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos convocada por Resolución Reitoral de 21 de decembro de 2021.

A persoa beneficiaria debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

## **8. Xustificación.**

Trala finalización do período de intercambio, deberá achegar a certificación de estadía.

## **9. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro**

A concesión desta bolsa pode ser revogada ou declarada a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade que se establecen nesta convocatoria.

## **9. Transparencia**

De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## **10. Protección de datos**

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

Manuel Joaquín Reigosa Roger